

Juan Compañel Rivas (1829-1897)

Alén do editor do Rexurdimento

XURXO MARTÍNEZ GONZÁLEZ

Teño a certeza de que se baixase arestora á rúa e preguntase a calquera persoa sobre Rosalía de Castro, sabería dicirme algo dela, por pouco que fose. Podería dicirme que foi alguén importante na literatura, unha poeta que escribía en lingua galega. Relacionaría co Rexurdimento. Sabería que existe unha rúa, unha praza ou un instituto con ese nome. Moitos recoñecerían que non leron a súa obra pero saben cantar ou ouviron nalgún lugar os versos da “Negra sombra” musicados por Xoán Montes.

Arriscaríame a dicir que a segunda ou terceira xeración de galegos na emigración tamén saberían de quen falamos. Moitos emigrantes que marcharon (e marchan neste eterno éxodo bíblico) ás Américas ou a Europa levaron consigo tarríños de terra patria como lembranza. Outros moitos penduraron das paredes do corredor ou da sala de estar o rostro de Rosalía.

Porque nesta terra nosa dicir Rosalía é dicir Galiza. Poucas son as nacións do mundo onde se produce tal sinonimia, tal mímesese entre unha persoa (unha muller do século XIX!) e un pobo. Un signo singular polo que sentimos unha desbordante fachenda.

Facemos un zoom para ampliar o retrato biográfico da escritora e axiña batemos cos *Cantares gallegos* como a obra cume da ecumene galega, a expresión máis lograda do Rexurdimento.

Detémonos neste poemario. Un novo zoom para repararmos no pé da cuberta: “Vigo. Imp. de D. Juan Compañel. 1863”. Unha imprenta que estaba no número 14 da rúa Real de Vigo¹, rúa popular da cidade, hoxe en fase de recuperación tras anos de desleixo.

Ao pasear por alí, poderán observar unha placa conmemorativa da publicación dos *Cantares* que nos indica o lugar onde presuntamente estaban os talleres gráficos. Nós demostramos nun recente artigo o equívoco desta placa e propomos outra localización².

No século XIX a rúa Real era unha arteria como o son hoxe as circunvalacións ou grandes

avenidas das urbes. “Durante varios séculos foi unha das mellores rúas de Vigo, con bos edificios, ben empedrada e moi transitada a pesar de ter bastante pendente” (Garrido e Iglesias, 2002: 42). Nace aos pés da Colexiata, no mesmo adro, para baixar deica o Berbés mariñeiro. Polo paseo atopamos a derruída sede do goberno (na casa de López Araújo) da fugaz Provincia de Vigo, cando o Trienio constitucional (1820-1823). Tamén as casas onde habitaron burgueses como Manuel Bárcena (un dos máis acaudalados da cidade contra 1863 e que está no actual número 14) ou os irmáns Borrajo (Manuel e Benigno). Houbo bares, consulados, bancos, consignatarios, tendas, despachos de avogados etc.

Alí, naquela concorrida rúa, estaba o obradoiro de Juan Compañel Rivas, que tamén foi a sede da redacción do xornal *La Oliva* e despois *El Miño*. A rúa Real foi declarada en 1946 monumento histórico-artístico.

Porén, se á mesma persoa que lle preguntei por Rosalía lle inquirise por Juan Compañel, teño máis dúbidas de que o coñeza. Incluso nun ambiente ligado á cultura galega, poucos saberían dicir algo máis do que a súa profesión de editor e a relación cunha familia de impresores de destacada presenza na Compostela provincialista.

En certa maneira é natural este descoñecemento. Apenas atopamos datos biográficos, recollidos fundamentalmente nos traballos de Manuel Murguía, Fermín Bouza-Brey e Xosé María Álvarez Blázquez. Porque o traballo do editor é escuro, de estar tras o biombo, traballando artesanalmente o libro, deseñando, maquetando, revisando o texto, a correcta impresión. O de editor non é tarefa para figurantes que aspiren a un recoñecemento público pero son imprescindíbeis. A edición é a mesma sombra do libro.

Estamos, pois, ante un editor? Estamos. Pero tamén ante unha persoa de militancia política definida (o progresismo máis avanzado), de sensibilidade intelectual e preocupada polo devir de Galiza.

Debullemos anacos da súa vida na procura de trazar unha biografía provisional de Juan Compañel Rivas.

A familia Compañel Rivas

Francisco Luis Compañel naceu en “la villa y puerto de La Graña, departamento de Ferrol”, segundo confesión propia nunha instancia enviada ao concello de Compostela o 19 de maio de 1830. Daquela xa estaba casado con Jacoba Rivas³ (Bouza-Brey: 1963: 287). O *Diccionario de escritores gallegos* tamén indica o mesmo lugar (Murguía, 1862: 26).

Porén, no rexistro de casamento de Carmen Compañel Rivas e Ramón González Pérez (de profesión propietario), acontecido en 1861, encontramos o defunto Francisco Luis Compañel como natural de Villa de Torrente (Valencia) e a Jacoba Rivas, no oficio de libreira, como natural de Santiago de Compostela⁴.

Adoptemos a confesión propia como hipótese máis acreditada á espera de atopar a súa partida bautismal.

O propio Fermín Bouza-Brey (o primeiro en ofrecer unha concisa biografía de Juan Compañel) localiza o ferrolán na capital de Galiza en 1826 pero no canto de atopármolo como impresor, atopámolo exercendo de libreiro. O seu negocio estaba na praza de San Xoán.


Mais, logo de pescudar na prensa histórica, descubrimos a existencia da librería de Compañel en Santiago de Compostela en 1820, isto é, en pleno inicio do Trienio constitucional. No seu local facíanse as subscricións ao xornal *El Cetro Constitucional. Semanario Político*⁵. Queda por dilucidar cando chegou á cidade.

Ramón Temes Gil, dedicado ao comercio do viño, tiña unha imprenta na esquina entre a praza de Fonseca e a rúa da Raíña. Crese que a abriu contra 1826. Catro anos despois foi adquirida por Francisco Luis Compañel. Para Manuel Murguía estamos ante “el mejor establecimiento tipográfico que conoció Santiago en el presente siglo” (Murguía, 1862: 26).

Os primeiros libros que nos constan saídos do obradoiro da familia Compañel son *Muestras de los caracteres y adornos de la imprenta de D. Francisco Luis Compañel* e *Lista de los individuos del Ilustre Colegio de Abogados de la Real Academia de Galicia que se hallan en actual ejercicio para el año de 1832*, correspondentes ao curso de 1831⁶.

Pouco puido exercer Francisco Luis o oficio de impresor, pois o 26 de Nadal de 1832 recibiu

Xurxo Martínez González é licenciado en Filoloxía Galega. Autor de *Fuco Gómez* (2007) e *Luís Soto. A xeira pola unidade galega* (2011), actualmente prepara a tese de doutoramento sobre o xornal *La Oliva* (1856-57). Preside o Colectivo Cultural A Nave das Ideas. En 2012 recibiu o primeiro premio Díaz Jácome de poesía.



1. Xosé María Álvarez Blázquez (1980: 508) defendeu o número 12 da rúa Real fronte a Antonio Odriozola (1980: 480) que sostén o número 14.
2. “Unha corrección histórica. A imprenta de Juan Compañel Rivas en Vigo”, *Faro de Vigo*, 6-IX-2012.
3. Ás veces aparece como Josefa Rivas.
4. Rexistro de casados. A. M. 777, Ano 1861, Reg. 3. Arquivo Histórico Universitario da USC.
5. Mirar *El Cetro Constitucional* 4 (1820). Era un xornal de ideas liberais que saía da Imprenta de Collado, en Madrid.
6. A primeira obra pon no pé: “Julio de 1831. Impresas en su casa” (hai un exemplar orixinal na British Library ou fotocopiado nos fondos de Antonio Odriozola no Museo de Pontevedra). A segunda pon: “Imprenta de D. Francisco Luis Compañel” (hai un exemplar dixitalizado en Galicia-na: Biblioteca Dixital de Galicia).

a visita do “barqueiro”, ou como din pola zona de Lemos: “Chegoulle a hora do bacallau”, en referencia ao xantar de exequias onde este peixe era produto central. Tan só catro días antes fixera testamento, segundo nos relatan Barreiro Fernández e Odriozola, ante os catro fillos (todos menores de oito anos) e unha muller embarazada. “Por la tasación de los bienes que se hace, sabemos que se trata de una familia joven que iniciaba realmente su vida con pocos recursos económicos pero con una extraordinaria ilusión” (Barreiro Fernández e Odriozola, 1992: 223). A taxación dos bens, restadas as débedas contraídas e outros asuntos, importaba 95.517 reais.

O seu falecemento obrigou a Jacoba Rivas a colocarse á fronte do negocio “sin duda con la ayuda de algún regente, posiblemente don Jacobo Souto” (Barreiro Fernández e Odriozola, 1992: 227). A nova marca comercial era “Viuda e Hijos de Compañel”, con enderezo na Acibechería número 18, que deixaría unha pegada indelével na historia da prensa provincialista.

Imaxinemos a Domingo Díaz de Robles entrando na imprenta da viúva de Compañel para entregar os textos do xornal *El Idólatra de Galicia*, voceiro da benemérita Academia Literaria. Ou recrearmos as conversas de Antolín Faraldo, Antonio Romero Ortiz e José Rúa Figueroa mentres saía do prelo *El Porvenir*. Mais tamén no estudio dos Compañel se sabía das primeiras medidas da Junta Superior del Gobierno de Galicia naquel mes de abril de 1846, publicadas no xornal *La Revolución*, cando os provincialistas quixeron petar nas mentes máis lúcidas da nosa terra para a defensa e progreso patrios.

Un ano antes do fusilamento dos chamados Mártires de Carral, a familia abría unha sucursal desta “Imprenta de la Viuda de Compañel e Hijos” na casa número 5 da praza do Corrixidor, na cidade das Burgas, para ocuparse da impresión do *Boletín Oficial de Orense* durante o exercicio de 1846. Á fronte estivo Joaquín Compañel Rivas⁷, quen traballaría máis adiante en Correos na capital española, onde morreu en xuño de 1884⁸.

Por motivos que descoñecemos, Joaquín Compañel renunciaba á publicación do boletín en maio de 1847, ano para o cal tiña a concesión outorgada: “Siendo indispensable tener que ausentarme de esta capital”, sen máis razón⁹. A impresión pasou a ser responsabilidade de César Paz y Hermano, que tiñan o negocio na rúa de San Domingos, e a máquina impresora mercouna un dos caixistas para fundar a Imprenta Pedro Lozano (Soto Freire, 1998: 117).

Porén, do establecemento ourensán da familia saíu a obra de Tomás Chaveli *Refutación de la reseña histórica de los últimos acontecimientos de*

Galicia, escrita por D. Juan Do-Porto, en la parte que se refiere a los actos del Excmo. Señor don Juan de Villalonga. Isto é: un panfleto para exculpar o terrible capitán do sucedido en 1846.

O casal Compañel Rivas residiu na Acibechería número 18, cuartel 1, segundo indica o censo veciñal da cidade en 1848¹⁰. Nel había catro raparigos: Joaquín (nado en 1827), Juan (1829), Carmen (1830) e Peregrina Compañel Rivas¹¹. Descoñecemos se realmente houbo un quinto membro pois, como dixemos anteriormente, Jacoba Rivas estaba embarazada cando a defunción do seu home e xa había catro cativos no lar.

O 5 de maio dese mesmo ano de 1848 morría un outro impresor de tradición liberal, Francisco Jorge Ángel Rey Romero, con 73 anos de idade. A súa librería, na Acibechería número 17, foi mercada pola viúva de Compañel¹².

Porén o negocio non prosperou. Xa sabemos que en 1847 desaparecía a imprenta da familia en Ourense ante a repentina marcha de Joaquín. Contra 1850 tamén desaparecía a imprenta que tiñan en Compostela. A última obra que saíu daquel taller foi posibelmente *Monografías de Santiago* (1850), do sinalado provincialista Antonio Neira de Mosquera.

A imprenta vendéronlla, contra 1851, a Ramón Núñez Pazos, que a traslada á rúa Real número 6 de Pontevedra (Barreiro Fernández e Odriozola, 1992: 228). Ramón era fillo do tamén impresor José Núñez Castaño, que tiña a imprenta no Preguntoiro de Compostela¹³, e irmán de María, casada esta con Antonio Neira de Mosquera.

Velaí unha aproximación á vida do casal Compañel Rivas e ás reviravoltas do seu negocio editorial. Porén, nós queremos aproximarnos á vida de Juan Compañel Rivas, o protagonista deste artigo. Farémolo por anacos temporais.

Nacer en Compostela: oficio de impresor e provincialismo, 1829-ca. 1850

Juan Compañel Rivas naceu en Compostela. Seguramente no ano 1829, pois no censo de 1848, ao que nos referimos antes, aparece coa idade de 19 anos¹⁴.

O ambiente e educación do casal aventurá-molo de natureza liberal, á vista do exposto anteriormente. Unha educación que non contou coa presenza do pai, polo cal debemos situar a outra persoa como a protectora ou titora (alén da nai) nos asuntos da imprenta familiar (como se dixo, seguindo a Barreiro e Odriozola, podería ser o impresor Jacobo Souto)¹⁵.

O propio Juan Compañel relata o seu pasado nun artigo, escrito en terceira persoa, co obxecto de defenderse ante unha crítica realizada dende



Retrato familiar de Francisco Compañel Chao, fillo de Juan Compañel, en Cuba, ca. 1914.

as páxinas de *Diario de la Coruña*¹⁶. Nel cóntanos que a súa formación académica e humana estivo ligada a tres institucións: a universidade, a Sociedade Económica de Amigos do País (presidida naquela altura por Luis de la Riva) e o seminario. Copiemos ese extracto:

Este *periodista* [Juan Compañel] hoy, ha aprobado con buenas notas en la Universidad de Santiago algunos cursos de filosofía, jurisprudencia é historia natural; en el Seminario de la misma ciudad, algunos cursos también de teología, lengua griega y hebrea y literatura latina; en las cátedras de la Sociedad Económica, estudió química y mecánica; particularmente aprendió las lenguas francesa e italiana, música y dibujo¹⁷.

Temos que imaxinar a Juan e Joaquín Compañel nos talleres da imprenta aprendendo, dende ben novos, o funcionamento dos utensilios e ferramentas propios do oficio. Pronto, coídamos, deberon ser o motor do negocio familiar.

Os anos de expansión das ideas provincialistas foron unha educación doutro signo para rapaces como os irmáns Compañel, como tamén para Manuel Murguía ou Aurelio Aguirre. A presenza de figuras como Antolín Faraldo ou Pío Rodríguez Terrazo nas rúas compostelás, deténdose a

7. *Boletín Oficial de Orense* 146 (6-XII-1845) e 1 (1-I-1846).

8. Colaborou con *La Ilustración Gallega y Asturiana*, como o seu irmán Juan. É autor de libros como a *Guía del empleado de Correos* (1878).

9. *Boletín Oficial de Orense* 54 (6-V-1847).

10. Arquivo Municipal de Santiago. Padrón vecinal de 1848, parroquia de San Juan (tomado de Bouza-Brey, 1963: 287).

11. Peregrina Compañel foi amiga de Rosalía, segundo revela nunha carta a Manuel Murguía: "Ayer fui a paseo con Peregrina Compañel y Tomás" (Naya, 1953: 88).

12. George Borrow cita a Josefa Rivas: <http://georgeborrowstudies.net/mostconsiderable/mostconsiderable.html> [Consulta: 15-VI-2012].

13. Da súa imprenta tamén saíron senlleiras cabeceiras da prensa provincialista: *El Iris del Bello Sexo*, *El Recreo Compostelano* ou *La Situación de Galicia*.

14. Como no caso do pai, cómpre atopar a partida bautismal para ratificar o exposto.

15. A imprenta de Jacobo Souto abriría xustamente cando pecha a imprenta Compañel, contra 1850. Podería resultar unha casualidade ou un feito relacionado un co outro?

16. O seu director era Benito Vicetto, quen tivera serias diferenzas con Juan Compañel ata chegar aos tribunais.

17. *El Miño* 406 (9-III-1861).

entregar as cuartillas na imprenta, debeu resultar instrutiva e á vez impactante tras o remate tráxico do pronunciamento de 1846.

Porén, reparemos que a imprenta da familia Compañel xa non contaba dende finais de 1845 con Joaquín entre os seus traballadores, pois marchara a Ourense. Era Juan quen quedaba na cidade santa e, como home de familia naquela sociedade patriarcal, encargárase do obradoiro.

Foi Juan Compañel quen imprimiu o xornal *La Revolución*, órgano do goberno autónomo de Galiza, declarado rebelde e insubmisivo ao poder central? Seguramente. Estivo Juan Compañel presenciando a retirada das tropas de Solís pola rúa do Hórreo, pola Praza do Pan (hoxe Cervantes) e pola Acibechería deica San Martiño Pina-rio? Case seguro que tamén.

A imaxe e a lembranza daqueles feitos deberon resultar semellantes aos que Manuel Murguía expresou en varios artigos de conmemoración desa utopía que foi a chamada revolución provincialista. Lembremos que a primeira homenaxe pública feita a este episodio revolucionario se produciu nas páxinas de *La Oliva*, xornal que dirixiría Juan Compañel.

O progresismo galego viviu tempos infelices nos meses inmediatos á derrota e ao fusilamento dos Mártires de Carral. Porén, o casamento de Isabel II propiciou a aprobación de dúas ordes de amnistía (unha en outubro de 1846 e outra en febreiro de 1847) polo que se viron favorecidos os revolucionarios galegos¹⁸.

Mais non recuaron as conspiracións que desencadean nun novo intento de sublevación en 1848, á calor dos movementos revolucionarios que se expandían por toda Europa, que provocou a detención de conspicuos progresistas e o exilio doutros¹⁹. En Madrid, na primeira metade da década dos 50, acabaron arrexuntándose persoeiros como Antolín Faraldo, Vicente Manuel Cociña, José Rúa Figueroa e Eduardo Chao que, no meu sentir, son dalgún xeito exiliados políticos.

Pero que facía mentres Juan Compañel e que interese ten ese exilio matritense no noso protagonista?

Como xa sabemos, o obradoiro pechou contra 1850. Nesta altura indica Bouza-Brey: “Al cesar la imprenta familiar compostelana destacóse a Vigo para ponerse al frente de la oficina propia del periódico *La Oliva* que acababa de fundar don Eduardo Chao Fernández” (Bouza-Brey, 1963: 289).

Carré Aldao foi seguramente o primeiro en trasladar a Juan Compañel directamente de Compostela a Vigo: “Juan Compañel, que estaba establecido en Vigo desde 1852” (Carré Aldao, 1991: 148). Unha opinión e unha data continua-

da por Vaamonde Lores (1933) e por Couceiro Freijomil (1951). Hoxe xa podemos reparar esta anomalía temporal.

En 1850 Juan Compañel residía en Madrid, segundo se recolle na lista de subscritores na parte final do libro *Monografías de Santiago* (Neira de Mosquera, 1850: 384)²⁰. Deste xeito, cremos que marchou ou tras o peche da imprenta pouco antes de botar as reixas. O propio impresor confirmáno no artigo feito a xeito de currículo:

Quando desgracias de familia llevaron al Sr. Compañel á Madrid á enseñarle á ganar el pan con el sudor de la frente, época á que pobremente alude con misterio el *Diario*, sin saber que esa época es para nosotros la más honrosa y de vanagloria²¹.

Estancia en Madrid e imprenta propia, ca. 1850-1855

Por agora ninguén sabe o motivo que levou á familia Compañel a pechar as imprentas de Ourense e de Compostela. Tampouco sabemos que provocou a marcha de Juan Compañel a Madrid nin cal foi a súa dedicación nos primeiros anos de estancia alí. Velaquí, unha vez máis, ante outro baleiro que precisa de hipótese.

Sabemos que Juan Compañel estivo ligado ao círculo de Eduardo Chao Fernández, un dos líderes do Partido Demócrata (a opción máis esquerdista na altura da década de 1850)²². Non imos deternos aquí a relatar a “vida e obra” de Eduardo Chao pero o lector ou lectora deste artigo debe situalo como unha das personalidades máis destacadas da política galega do XIX, moi ligado á cidade de Vigo, para entender algúns feitos que relataremos.

A capital era unha treboada constante de conspiracións, de conversas interminábeis nos cafés que respondían á moda burguesa nacente no século XIX. Abonda ler algúns dos capítulos dos *Episodios nacionales* de Galdós ou as *Memorias de un setentón* de Mesonero Romanos para recrear o ambiente da época. Alí atopamos, sobre todo, xornalistas e literatos enraizados no romanticismo.

Unha das empresas editoriais, cunha destacada implantación e cunha rica diversidade de oferta en canto a xéneros literarios, foi a dos socios cataláns Gaspar Maristany e José Roig. A imprenta e librería Gaspar y Roig creouse en Madrid en 1845 e introduciron no mercado literario peninsular a venda dos libros por entregas.

Entre os seus colaboradores atopamos facilmente a Eduardo Chao. Dicimos de xeito doado porque o ribadaviense, fillo adoptivo de Vigo, era o director da celeberrima ‘Biblioteca ilustrada de Gaspar y Roig’, que xorde en 1851, e da ‘Biblio-

teca del hombre libre', cando non colaborador, autor ou coordinador dalgunha das obras publicadas por ese selo editorial²³.

Á luz desta información resulta verosímil crer que o polifacético Eduardo Chao era un home de peso dentro da empresa dos socios cataláns. É posíbel incluír a Juan Compañel entre os mozos que apadriña Eduardo Chao en Madrid e a quen lles procura un traballo? José Antonio Durán é desta impresión:

Allí [en Madrid] moraban, en efecto, el impresor Juan Compañel (n. en Santiago, 182?), cuñado del anfitrión [Eduardo Chao], y Alejandro (n. en Vigo, 1835), el menor de los Chao. Amante de por vida de la formación profesional (será impulsor de las beneméritas Escuelas de Artes y Oficios), los dos se estaban formando *a la última* en el mundo de la impresión, la edición y el comercio en Gaspar y Roig (Durán, 2000: 72).

Non consta no Arquivo Histórico Nacional ningún expediente de Juan Compañel Rivas como alumno da Central. Retomando a confesión curricular, lemos:

En aquella Corte no olvidó la educación que había recibido, y sus amigos en las horas de descanso eran las Cátedras del Ateneo, las Bibliotecas, los Museos y personas de talento e instrucción. Allí ha merecido un título de Socio de mérito sobresaliente de la sociedad filantrópica Museo Popular al frente de la cual se hallaban doctores y catedráticos de la Universidad Central, y en esa sociedad fue catedrático de principios de Geometría²⁴.

O ferrolán Víctor López Seoane era un deses catedráticos que, contra 1853, impartía Botánica no Museo Popular, unha sociedade filantrópica que tiña unha especial querenza pola formación e educación das clases populares.

Traballase ou non para Gaspar y Roig, o que sabemos é a primeira vez que Juan Compañel está á fronte da súa propia máquina: "Imprenta á cargo de J. Compañel", no ano 1855. Era a época do Bienio liberal liderado polo duque da Vitoria, Espartero. Unha figura política de intensa presenza na cidade de Vigo, que foi devota deste xeneral. Non só Vigo, tamén outras cidades e persoas, como Aurelio Aguirre, que publica a oda "Al invicto duque de la Victoria"²⁵.

Case todos os traballos que saen do seu obradoiro, que coñezamos arestora, son de actos académicos da Universidade Central. Algúns exemplos son o *Discurso leído en la Universidad Central por el licenciado en Jurisprudencia don Joaquín Botana Míguez en el acto solemne de recibir la investidura de doctor en la misma facultad* ou



Francisco Compañel Chao (un dos tres fillos de Juan Compañel), foi bibliotecario do Centro Galego da Habana e secretario da Asociación Viguesa da Habana.



18. Non só os comprometidos na revolta de 1846 senón tamén os vige-ses que lideraron o pronunciamiento frustrado de outubro de 1843, como José Ramón Fernández Domínguez (alcumado *Carballo*) e Atanasio Fontano, dúas persoas claves no nacemento de *La Oliva*.

19. Por poñer un exemplo, son detidos no castelo de Santo Antón da Coruña Antonio Romero Ortiz, Manuel Somoza e José Arias Uría.

20. Xunto a Compañel aparecen Benito Forcelledo, Luis López Ballesteros, Leonardo de Santiago, Pascual Basadre e Pedro Sanjurjo.

21. *El Miño* 406 (9-III-1861).

22. O Partido Demócrata nace en 1849 como unha escisión pola esquerda do Partido Progresista, logo dos sucesos revolucionarios do ano anterior.

23. Algúns exemplos: *Diccionario enciclopédico de la lengua española* (1853-1855, coordinador); *Los tres reinos de la naturaleza. Museo pintoresco de historia natural* (1852-1858, coautor) ou *Historia general de España* (1849-1851, continuador da escrita polo padre Mariana).

24. *El Miño* 406 (9-III-1861).

25. Imprenta de Jacobo Souto e Hijo. Santiago de Compostela (Museo de Pontevedra).

Rápido bosquejo sobre la historia de la higiene y sus progresos, de Antonio Bobillo Junquera, no día en que tamén era investido doutor, neste caso en Medicina. En ambos os exemplos aparece no pé da portada: “Madrid. Imprenta á cargo de J. Compañel, Jardines 24, bajo. 1855”²⁶.

No romper de 1856, cando o Bienio liberal estaba no ocaso, atopamos un novo enderezo da imprenta do noso protagonista: “Madrid. Imprenta á cargo de don Juan Compañel, calle de Isabel la Católica, núm. 4 duplicado”, que antes era “Calle de María Cristina 4”²⁷. Destes talleres saíron unha revista e un xornal dunha tendencia política radical.

La Razón. Revista política, filosófica y literaria foi publicada en Madrid baixo auspicio de Francisco Pi i Margall, daquela un rapaz demócrata de ideas revolucionarias, e Manuel Gómez Marín (o seu editor?)²⁸. “El 1856 havia fundat, amb Canalejas, Morayta i Marín, una revista, *La Razón*, on hom trobaria més desenrotllades las seves idees polítiques” (Vicens Vives e Llorens, 1961: 391).

Se este xornal xa reproducía as voces avanzadas do pensamento demócrata, que era un republicanismo con ideas socialistas, que dicir dun que se titula *El Eco de la Clase Obrera. Periódico de intereses morales y materiales*, fundado polo tipógrafo catalán Ramón Simó y Badía. É considerado un dos primeiros (se non é o primeiro) xornais de carácter obreiro dende onde se defende o dereito á asociación da clase traballadora.

A imprenta de A. Martínez encargouse de imprimir os primeiros seis números (sae o 5 de agosto de 1855). Será a partir do número 7 (correspondente ao 16 de setembro) cando se ocupe Juan Compañel da súa publicación deica o peche²⁹.

Os primeiros números de *La Oliva* recollen na sección de anuncios os dous cabezallos citados, aos que se podían subscribir na rúa Real: “El Eco de la Clase Obrera. [...] Se suscribe en la imprenta de La Oliva, donde hay números para muestra”³⁰ e “La Razón. [...] Los autores de esta Revista somos demócratas”³¹.

Chegamos á fin da etapa de Juan Compañel en Madrid. En Vigo, agardábo o progresismo local liderado polo propietario e comerciante José Ramón Fernández Domínguez (*Carballo*³²), casado dende 1841 con Concepción Chao Fernández.

A imprenta de Vigo e a dirección do xornal, 1856-1873

A cidade de Vigo levaba o selo de liberal dende a expulsión dos franceses. Segundo Barreiro Fernández, foi a súa liberación, liderada pola xente do común, o verdadeiro fito da Guerra da Independencia e non a batalla de Ponte Sampaio, ao mando de militares profesionais.

A cidade estivo dende aquela próxima ás ideas liberais fronte ás realistas e, posteriormente, próxima ás progresistas fronte ás moderadas ou conservadoras. Emporiso, tamén existía un forte núcleo de sectores retrógrados relacionados sobre todo con propietarios, foristas ou antigos nobres. A póla conservadora tiña un voceiro propio: *Faro de Vigo*, fundado en 1853.

A xeración progresista de Vigo padeceu as tebras da persecución e represión por parte dos inimigos ideolóxicos. Primeiro, tras a derrota da sublevación de outubro de 1843. Despois, tras o fracaso do levantamento provincialista e progresista de 1846. Algúns nomes daqueles avogados das ideas avanzadas foron José Ramón Fernández, Atanasio Fontano, Juan Ramón Nogueira, Pedro Mártir Molins Sitjá, Miguel Vidal López e José Chao Rodríguez.

Si, José María Chao Rodríguez estaba en Vigo cando Juan Compañel atraca na cidade (seguramente a finais de 1855). O patriarca desta estirpe liberal tiña a rebotica na esquina entre a rúa de Sombreiraireiros e a praza da Constitución, lugar de conversas clandestinas. Praza da Constitución pola de 1812.

A chegada de Juan Compañel estaba prevista tras o acceso deste á concesión da publicación do *Boletín Oficial de la Provincia de Pontevedra*. Unha concesión chanchulleira, para que nos enganar, á vista dos datos que lemos no Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra³³.

Para calquera imprenta era un seguro económico ser a encargada de imprimir o boletín e outros documentos da deputación. Manuel Somoza era o presidente do Goberno Civil e Atanasio Fontano o secretario. Son dúas persoas ligadas ao “esparterismo” e próximas a José Ramón Fernández, primeiro director e propietario da imprenta de *La Oliva*. Pois ben, algúns dos candidatos que rivalizaron con Compañel manifestaron as súas protestas ante o goberno provincial e ante o ministerio correspondente por irregularidades no proceso. Tomás Casal, un dos aspirantes, afirmou: “Hay obscuridad o nada se dice de la persona que se trata”, respecto do impresor compostelán.

Pouco efecto tiveron as reclamacións. A concesión levouna Juan Compañel, quen depositou oito mil reais de fianza (os cartos poríaos case seguro José Ramón Fernández) ante o Goberno Civil de Pontevedra.

Por unha carta de Alejandro Chao, do 11 de outubro de 1855, dirixida a Manuel Murguía e Juan Compañel, sabemos que José Ramón Fernández (quen vai sufragar economicamente a empresa xornalística e a imprenta) non as tiña todas consigo á hora de escoller o impresor: “Y aun esta tarde por U. Compañel, [José Ramón

Fernández] vaciló el que viniese porque se le había presentado muy recomendado otro impresor, que le proporcionaba el ahorro de treinta duros. Batallé, engaratusé y VENIS LOS DOS!!!” (Barreiro e Axeitos, 2005: 25).

Axiña se introducirá no círculo de amizades de José Ramón Fernández e de José María Chao. Porque, Compañel xa trabaría algún tipo de relación cos Chao cando estes residiron na capital galega? Quen sabe, pero parece verosímil.

O caso é que atopamos de inmediato, en xaneiro de 1856, a Juan Compañel a carón dos progresistas vigueses no balbordo creado na elección de cargos do Recreo Artístico e Industrial de la Ciudad de Vigo³⁴.

Pois ben, naquela disputa interna dos burgueses locais para constituír ese “Recreo”, atopamos un manifesto contrario á directiva autoproclamada, reclamando unha votación democrática para a elección. Entre os asinantes do manifesto están José Chao e o seu fillo Alejandro, José Fábregas, Juan Ramón Nogueira, Ángel Martínez Forlany, Rogelio Fontano, Leopoldo Bárcena e Juan Compañel. Velái o grupo de relación social do novo impresor de Vigo.

O 15 de xaneiro de 1856 sae á luz o prospecto do “outavoz” dos progresistas vigueses: *La Oliva. Periódico de política, literatura e intereses materiales*, con imprenta e redacción na rúa Real número 14. Sobra explicar o simbolismo desa árbore para a urbe.

O director inicial será José Ramón Fernández, á sazón fillo político de José María Chao. Á fronte da imprenta, Juan Compañel. Na redacción estarían, entre outros, Miguel Vidal López, Alejandro Chao, Atanasio Fontano e o propio impresor.

Temos a sospeita, aínda non concretada, de que o local onde estaba a imprenta pertencía a *Carballo*, é dicir, a José Ramón Fernández. Sospeita porque si sabemos que a máquina, ferramentas e demais complementos eran da súa propiedade. E a isto engadimos que naquela altura era propietario dunha casa na rúa Real mais... cá! Non temos a referencia porque daquela os números dos portais pouco importaban para os carteiros. Bastaba pór o nome ou alcume do dono para que a entrega fose satisfactoria.

No número 88 de *La Oliva*³⁵, que tiña unha orientación demócrata ou de progresismo avanzado, albiscamos unha mudanza. No canto de atoparmos a habitual “Imp. de La Oliva” damos con “Imp. de D. J. Compañel”, co mesmo enderezo da rúa Real 14.

É aquí cando situamos o ascenso de Compañel á dirección do xornal, que xa padecera multas e o cambio do editor responsable³⁶. Descoñecemos o motivo polo cal José Ramón Fernández dá o paso atrás.



Escudo da Milicia Nacional de Vigo, na que se alistou Juan Compañel en marzo de 1856

26. Outros autores que foron publicados nos talleres de Jardines 24 relacionados coa universidade son: Cayetano Cerain, Francisco Freire Barreiro, Manuel Laporta Montero, Cristóbal Martín de Herrera e José Sanchís y Barrachina.

27. O cambio da rúa prodúcese en 1855. Máis adiante atoparemos neste lugar a imprenta de Miguel Ginesta.

28. Un exemplar desta revista está na Biblioteca Nacional de Catalunya. Entre os traballos publicados aparece un co título “Las cántigas de D. Alonso el Sabio”. Algúns dos colaboradores foron Roque Moreno Barcia (irmán do republicano ribadense Segundo Moreno Barcia?), Constantino Armesto, Miguel Morayta, Francisco de Paula Canalejas e Damián Rayón.

29. Outras publicacións obreiristas saídas do obradoiro de Compañel en Madrid no ano 1855: *Impugnación al proyecto de ley, presentado por el Ministerio de Fomento a las Cortes, sobre ejercicio, policía, sociedades, jurisdicción e inspección de la industria manufacturera e Observaciones acerca del Proyecto de Ley sobre la industria manufacturera. Dirigidas por los representantes de la clase obrera de Cataluña á la comisión de las Cortes Constituyentes que entienden en dicho proyecto*, asinada polos obreiros tecedores Joaquín Molar e Juan Alsina.

30. *La Oliva* 1 (2-II-1856).

31. *La Oliva* 4 (15-II-1856).

32. Tense o erróneo costume de poñer *Carballo* como segundo apelido cando xa Julio Alonso Gregorio-Espino expuxo os correctos apelidos Fernández Domínguez dende 1984. O alcume procede do segundo apelido do seu pai, Francisco Fernández Carballo.

33. Goberno civil, expediente 11.149. Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra. Juan Compañel delega en José Ulloa a súa representación ao non poder asistir en persoa á resolución pública do goberno provincial, dada o 10 de Nadal de 1855.

34. Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra.

35. Correspondente ao 3 de Nadal de 1856.

36. Figura esixida pola Lei de imprenta que tiña que depositar unha fianza previa e responsabilizarse do publicado nas páxinas do xornal.

A caída do goberno de Espartero, en xullo de 1856, debeuse a unha desas escenas palacianas onde a monarquía borbónica facía e desfecía segundo o consello da camarilla. Isabel II pouco exerceu de raíña, pois andaba máis ocupada en asuntos íntimos, como os que serviron de mofa para os irmáns Bécquer coa publicación de *Los Borbones en pelota*. O caso é que Espartero foi desautorizado, dimitiu e comezou a contrarrevolución de O'Donell, non sen a resistencia da Milicia Nacional nas rúas de varias cidades, de xeito sinalado Madrid.

En Vigo non houbo resistencia por parte da milicia, na que se alistara Juan Compañel e Alejandro Chao en marzo de 1856³⁷. Como se explica a falta de resistencia nunha cidade con tantos afíns a Espartero e cunha Milicia Nacional que tivera en José Ramón Fernández o capitán da compañía de cazadores e a Pedro Mártir Molins como comandante da milicia?

As modificacións no regulamento da conformación do corpo armado, realizadas polo ministro de Guerra O'Donell durante o Bienio, que foi motivo de desavinzas no Parlamento, desactivaron os elementos demócratas e progresistas. Así, en xullo de 1856, os mandos militares da milicia viguesa non eran os mesmos que en 1854 favoreceran o triunfo da revolución.

A mudanza governamental afectou a *La Oliva* en canto foi continuamente vítima da censura e das multas. Juan Compañel mantiña o leme da embarcación xornalística tratando de evitar o peche.

No número 106 atopamos unha modificación no subtítulo, obrigado pola Lei de imprenta³⁸. O novo subtítulo era *Periódico de Galicia*. O interese é que apareza por primeira vez na prensa galega a vontade de ser un xornal de todo o territorio galego, o afán de converterse no periódico dos intereses de todo o pobo galego. Quen dubida que aí detrás está a man de Juan Compañel, que, como sabemos, xa era o director? *Periódico de Galicia*. Eis a aspiración e eis unha expresión inicial do Rexurdimento.

Por que do Rexurdimento? Na nosa tese de doutoramento, aínda en fase de redacción, tratamos de demostrar como este proxecto xornalístico é a base ou a pedra angular do Rexurdimento, pois foi o seu voceiro nacional, o lugar onde recalaron a maioría dos escritores galegos daquel intre: Eduardo Pondal, Rosalía de Castro, Manuel Murguía, os irmáns De la Iglesia, Aurelio Aguirre, Emilia Pardo Bazán, Leandro Saralegui, os irmáns Puente y Brañas, os Rodríguez Seoane etc. Toda unha restrita de nomes que se poden contemplar en *El Álbum del Miño* do ano 1858, prologado por Juan Compañel.

Citemos tamén a 'Biblioteca de La Oliva', dirixida por Manuel Murguía, que expresa a

intención de publicar obras relacionadas con Galiza, fundamentalmente escrita por autores galegos, sexan inéditas ou reedicións³⁹.

Volvamos á nosa historia.

En abril de 1857 *La Oliva* era pechada: "Suspendida la publicación de *La Oliva* de Vigo por orden de aquella autoridad", dicía o xornal *La Iberia*. Pero continuaba: "*El Miño*, nuevo periódico no político y de intereses materiales y morales, se encarga de llenar los compromisos que aquel otro apreciableísimo colega había contraído con sus suscritores. ¡Saludamos con júbilo la aparición de *El Miño*!"⁴⁰

A acusación feita sobre Juan Compañel foi a de desacato mais, un par de meses despois, a sentenza foi de absolución, segundo a crónica de *La Discusión*⁴¹.

Tanto tiña para o progresismo vigués pois xa estaba en marcha *El Miño*, o novo título do proxecto xornalístico do grupo local para facer oposición a *Faro de Vigo* e defender os intereses dos adeptos ao Partido Progresista e Partido Demócrata. Sobra tamén explicar o simbolismo que ten para Galiza ese pai dos ríos.

En 1858 a morte traza unha liña de loito no *hinterland* vigués: falecía José María Chao, o patrucio dos liberais e progresistas, un símbolo na cidade, un home cheo de misterio e case mítico tras ser acusado de rebentarlle os dedos ao xeneral Eguía cunha carta bomba.

Tras longas horas rebuscando en protocolos notariais, demos co seu testamento. O dato máis sobresaínte para o noso estudo é atoparmos a Juan Compañel Rivas como unha das tres testemuñas (as outras dúas foron Juan Ramón Nogueira e Guntín María Gómez) presentes no acto de redacción. Sinalemos, tamén, o nomeamento como testamenteiro de José Ramón Fernández Domínguez⁴².

Foron oito mil reais o que lle custou a Juan Compañel a imprenta de José Ramón Fernández, vendida o 20 de maio de 1859. Na mesma orde notarial tamén lle cede "la propiedad del periódico *El Miño*"⁴³. Velaquí un dato necesario para despexar as especulacións sobre cando o noso protagonista foi realmente propietario dos talleres.

As imprentas ou editoriais ou proxectos culturais contaron moitas veces co apoio económico de persoas non directamente ligadas á cultura ou á literatura pero que si tiñan sensibilidade cara ás artes. José Ramón Fernández é quen custea esa imprenta de Compañel, quen seguramente faga fronte ás multas e quen apoie constantemente (polo que sabemos deica hoxe) as iniciativas do compostelán. José Ramón Fernández, indirectamente, é o mecenas de obras como *Cantares gallegos* de Rosalía.

Nunha carta de Xohán Manuel Pintos a Manuel Murguía, con data do 18 de setembro de 1859, sabemos que o segundo ocuparía temporalmente a dirección d' *El Miño* en ausencia de Compañel. Non sabemos se é unha ausencia voluntaria ou unha ausencia obrigada (prisión).

Pero manter un xornal e unha imprenta non son empresas doadas. Malia que *El Miño* tivese un tecido de subscritores moi amplo e variado (enviaba exemplares tanto para España como para América), a presión dun goberno contrario debeu afogar a Compañel. En 1860 vese na obriga de solicitar un crédito de dez mil reais, supostamente para dar un salto adiante co xornal e o establecemento tipográfico⁴⁴.

Esta etapa da vida do impresor compostelán resultou moi intensa. Atopámolo como propietario da imprenta e como director d' *El Miño*. En 1861 forma parte do xurado dos Xogos Florais de Pontevedra, onde se atopa co seu colega Luis Rodríguez Seoane, entre outros. En 1862 é detido e enviado a prisión por delitos contra a Lei de imprenta, o que xerou unha forte campaña na prensa ao seu favor. Tamén comezou a súa vida de investidor: era un dos accionistas da fábrica de papel La Cristina, localizada en Lavadores, que fornecía de material á súa imprenta, como nos indica na primeira edición do *Diccionario de escritores gallegos* o seu amigo Manuel Murguía. En 1863 casa con Emilia Chao Fernández, con quen ten catro fillos: María, Francisco, Juan e Emilia Compañel Chao.

Fagamos un alto para reparar no círculo familiar onde se insire e como resulta un exemplo desas relacións sociais acoutadas pola burguesía. O seu sogro, xa defunto, era José Chao. Os seus cuñados directos eran Eduardo e Alejandro Chao. O seus cuñados indirectos eran José Ramón Fernández Domínguez e os comerciantes José Yáñez Rodríguez (irmán do alcalde Joaquín) e Ángel Martínez Maristany.

Aquel ano de 1863 traería máis feitos relevantes para a historia.

Por un lado, a publicación dos *Cantares gallegos* de Rosalía, a obra-símbolo de todo o Rexurdimento galego. Daquela a editorial estaba na rúa Real número 14 ou no número 21, segundo o cumprimento da orde que regulaba a numeración aprobada en 1860 e aplicada naquel mesmo 1863.

Alén do fito literario polo parto de *Cantares*, Juan Compañel tamén fará nese ano unha modificación no subtítulo do xornal. *El Miño. Periódico de comercio y de intereses generales. Todo por Galicia, todo para Galicia*, lema (en maiúsculas) recollido, en parte, daquel xornal titulado *El Porvenir* que comandaban os provincialistas.

A empresa non debeu ir ben. Non sabemos se por mala xestión, por unha crise no sector ou

porque as multas mutilaban as posibilidades de estabilidade do negocio de Compañel. A consecuencia é que o impresor se ve obrigado a vender a imprenta e o establecemento tipográfico en 1865. O seu comprador, como non!, será José Ramón Fernández, que mantén o seu cuñado como director do xornal e á fronte do obradoiro.

Entre os anos 1867 e 1868 recolleemos varias denuncias por impago contra o impresor compostelán. Protestas como a de Miguel Fernández Dios, que sería co tempo director de *La Concordia*. Mais parece que aqueles tempos de afogo remataron en 1868, co triunfo da Gloriosa e o inicio do chamado Sexenio democrático.

El Miño cumprira a misión de ser a voz progresista durante o deserto conservador que foi o goberno de O'Donnell (1858-1868). Pero Compañel quixo demostrar o triunfo da constancia e do esforzo para que, unha vez triunfante a revolución, *El Miño* fose rebautizado como *La Oliva*, pero mantendo a continuidade na numeración. Era outubro de 1868.

En 1873 proclamárase a Primeira República. Achegámonos ao remate da vida de *El Miño-La Oliva* e, por ende, un tramo vital de Compañel. O derradeiro número saíra o 30 de abril daquel ano. Pechábase así un episodio xornalístico que tería a súa continuación con *La Concordia* (1873-1924) e, tras a defunción deste cabezal, aparece *El Pueblo Gallego* (1924-1936). Porque hai unha exacta continuidade, na liña editorial, na nómima de colaboradores e mesmo na redacción.

Xosé María Álvarez Blázquez (1980), cronista oficial da cidade, achacou erradamente a fin de *La Oliva* á caída da república. Expliquemos a verdadeira razón.

Eduardo Chao, cuñado do noso protagonista, foi nomeado ministro de Fomento a finais de febreiro de 1873, baixo o goberno de Estanislao Figueras. Juan Compañel foi nomeado delegado

37. EJE-13. Arquivo Municipal de Vigo.

38. *La Oliva* non afrontou o aumento da fianza que rexía a nova lei para que o xornal puidese tratar temas de política.

39. *La Oliva* 97 (5-I-1856).

40. *La Iberia* 865 (26-IV-1857).

41. *La Discusión* 506 (20-X-1857).

42. Aínda máis, pois Juan Compañel escribiu o artigo necrolóxico publicado en *El Miño* 161 (3-XI-1858).

43. Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra.

44. O préstamo dálo Francisco Benito Pacheco pero co aval de José Ramón Fernández ante a testemuña de Juan Ramón Nogueira.

do Ministerio de Fomento na provincia de Ourense, motivo polo cal abandonou a cidade de Vigo, a dirección do xornal e a imprenta.

Así nolo conta o derradeiro número de *La Oliva*: “La marcha de nuestro querido y antiguo Director D. Juan Compañel á Orense, como Jefe de Fomento de aquella provincia, y otras circunstancias especiales de Redacción é imprenta, nos obligan á suspender nuestras tareas mientras no se arregla la Empresa convenientemente para continuar la misión política y civilizadora que se ha propuesto al venir al estadio de la prensa”⁴⁵. Era o número 1925. Pero, mágoa para a nosa historia, apenas conservamos (mellor dito, coñecemos) un centenar deses case dous mil números. Milleiros de páxinas por sempre perdidas! Milleiros de artigos asinados por Compañel que nos resultan descoñecidos. Milleiros de páxinas onde vai a historia social, política e cultural da Galiza do Rexurdimento.

Nun novo protocolo notarial, do 20 de abril de 1873, encontramos a venda que realiza Pedro Mártir Molins Pascual en nome de José Ramón Fernández (naquela altura era xuíz da Audiencia de Valladolid). O comprador é Miguel Fernández Dios, quen dirixe *La Concordia* cunha redacción onde están Ramón García Vicetto ou Delio Fernández Chao (o fillo de José Ramón Fernández e de Concepción Chao). Dende había poucos anos a imprenta mudara a súa residencia para a rúa Victoria número 10.

Entramos, pois, na parte final deste percorrido biográfico.

Cuba, lugar do repouso eterno, 1873-1897

Eduardo Chao deixa o Ministerio de Fomento no mes de xuño de 1873 (por razóns de saúde?). Mandatos fugaces moi propios daquel Estado español esfarelado que asomaba a cabeza á crise de 1898.

Deixou Juan Compañel as responsabilidades de delegado en Ourense cando a marcha do seu cuñado? Mantívose no posto deica o Nadal de 1874, cando cae a Primeira República? Pois nada sabemos ao respecto.

Bouza-Brey fala de Compañel como “uno de nuestros emigrados a Cuba” (Bouza-Brey, 1963: 291). Couceiro Freijomil di: “Marchó Compañel a Cuba en el año 1873, y allí obtuvo el cargo de secretario del Ayuntamiento de La Catalina” (Couceiro Freijomil, 1951: 293).

Nada podemos aclarar neste punto: nin sabemos en que ano marchou, nin os motivos, nin o proxecto inicial co que partiu para Cuba. Nunha nota necrolóxica, publicada en *El Regional* lemos: “Muerto el periódico [*La Oliva*], el Sr. Compañel marchó á la isla de Cuba el año 73”⁴⁶.

Na illa caribeña Alejandro Chao erguera unha potente empresa cultural, La Propaganda Literaria, se cadra a máis notábel da segunda metade do século XIX naquel lugar. Inesquecibel é a súa edición de *Follas novas* de Rosalía. Atopamos a seguinte información que confirma a relación laboral entre Compañel e o seu cuñado Alejandro en Cuba:

En 1876 existía un documento de compra de [Alejandro] Chao a Agustín Perdomo del establecimiento *La Propaganda Literaria*, situado en O’Reilly 54, por la cantidad de 60.000 pesos. Esta suma fue facilitada por Juan Compañel. Se estableció como sociedad comanditaria por diez años llamada Chao y Compañía, de la que Chao sería el gerente. [...] Dos años después, en febrero de 1878, la sociedad se disolvía y Chao se adjudicaba todos sus valores dando por pagado su capital a Compañel (Fernández Prieto, 2008: 86).

Estes datos amosan dous puntos de interese: a forte relación entre Compañel e Chao e a folgada situación económica do impresor.

As primeiras referencias xornalísticas que atopamos de Compañel no novo destino pertencen ao ano 1878, cando aparece ligado á publicación *La Ilustración de Galicia y Asturias*, logo titulada como *La Ilustración Gallega y Asturiana*, en que tamén colabora o seu irmán Joaquín. Igual que nos tempos d’*El Miño*.

Por un expediente do Ministerio de Ultramar sabemos que en 1880 o noso protagonista exercía de “Oficial quinto de Administración, Administrador de Correos de Cienfuegos”⁴⁷. Teñamos presente que o seu irmán era un alto cargo de Correos, por se isto pode servir de pista. Tamén foi secretario do concello de La Catalina.

De novo botamos man da prensa para deitar luz sobre a actividade de Compañel en Cuba: “Dicho señor ha sido director fundador de *La Oliva* y *El Miño* en Vigo, y en Cuba del *Diario de Cárdenas*, *La Lealtad* de Cienfuegos, y *La Unión* de Colón”⁴⁸. Digamos algo destes xornais.

Un 2 de xaneiro de 1882 saía á rúa *La Lealtad*, de ideas conservadoras, con imprenta propia, que durou deica 1890. O seu primeiro director foi Juan Compañel: “bajo la dirección del laborioso y antiguo periodista gallego Sr. D. Juan Compañel Rivas”⁴⁹. Aos poucos meses sería substituído por Julio Torrado. Acaso era tamén o dono ou director da imprenta? Nada sabemos.

Sabemos que *La Lealtad* defendía as posicións do partido Unión Constitucional, contrario por tanto á autonomía para Cuba, e apoiaba o deputado Julio Azpeteguía.

Diario de Cárdenas. Periódico político-mercantil y de intereses generales publicouse entre 1883 e

1884, saíndo da Tipografía del Diario de Cárdenas. Estamos, igualmente, ante un xornal conservador e contrario ás aspiracións redentoras de José Martí. E descoñecemos, unha vez máis, se Compañel tivo algunha dirección ou responsabilidade nese establecemento tipográfico.

Parece que aquel *Diario de Cárdenas* tamén lle trouxo algún problema legal a Compañel: “Allí [en Cuba] dirixió tamén *El Diario de Cárdenas*, actividade que en los primeros años de la Restauración fue motivo para que diera con sus huesos en la cárcel” (González Martín, 1996: 272).

Volvería a Vigo en 1891 para recuperarse do seu feble estado de saúde, como nos indica o xa citado *Eco de Galicia*. Couceiro Freijomil di:

Quebrantada su salud, volvió a España, dejando el ayuntamiento a cargo de uno de sus hijos, al que tuvo que sustituirle otro, por verse obligado el primero, como oficial de voluntarios, a salir a campaña con su batallón. Dos años estuvo Compañel en Galicia, al cabo de los cuales regresó a Cuba (Couceiro Freijomil, 1951: 293).

O alcalde de La Catalina era un español, “constitucionalista” furibundo, chamado Antonio Alonso de la Lastra. O secretario era Juan Compañel, polo que temos que situalo dentro do grupo de constitucionalistas enfrontados cos autonomistas, xa dentro do contexto da Guerra de Independencia cubana (1895-1898).

A morte levou a Juan Compañel Rivas nos derradeiros meses (o 1 de novembro?) de 1897. As crónicas din que morreu na casa do alcalde de La Catalina á idade de 68 anos.

Alá, na illa de Cuba, imaxinamos o sepulcro de Compañel nalgún camposanto. Un dos seus fillos, Juan Compañel Chao, formou parte da directiva do Centro Galego da Habana como vogal, durante a presidencia de Jesús Rodríguez Bautista, no ano 1912. Francisco Compañel Chao foi o bibliotecario do Centro Galego da Habana. A súa dona, Emilia Chao, morrería en Vigo en 1922 con 87 anos, segundo lemos no xornal *Galicia*⁵⁰.

Hoxe descoñecemos o periplo dos seus descendentes ■

Bibliografía

- Alonso Gregorio-Espino, J. (1984): *Notas genealógicas viguesas*, vol. I. MAR-CAR: Madrid.
- Álvarez Blázquez, X. M^a. (1963): “El impresor Juan Compañel”, *Faro de Vigo*. Imprenta de Faro de Vigo: Vigo.
- (1980): “La prensa periódica viguesa en el siglo XIX”, en *Vigo en su historia*. Caixa de Aforros: Vigo.
- Barreiro Fernández, X. R.; Axeitos, X. L. (2005): *Cartas a Murguía* (I). Fundación Pedro Barrié de la Maza: A Coruña.
- Barreiro Fernández, X. R.; Odriozola Pietas, A. (1992): *Historia de la imprenta en Galicia*. Biblioteca Galega: A Coruña.
- Bouza Brey, F. (1963): “Los Cantares gallegos o Rosalía y los suyos entre 1860 y 1863”, en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, t. 18. CSIC-Instituto Padre Sarmiento: Santiago de Compostela.
- Carré Aldao, E. (1991): *A imprenta e a prensa en Galicia* (edición de Xavier Ajenjo e Ignacio Cabano). Xunta de Galicia: Santiago de Compostela.
- Compañel, F. L. (1831): *Muestras de los caracteres y adornos de la imprenta de D. Francisco Luis Compañel*. Impresas en su casa: Santiago de Compostela.
- Couceiro Freijomil, A. (1951-1953): *Diccionario bio-bibliográfico de escritores*. Bibliófilos Gallegos: Santiago de Compostela.
- Durán, J. A. (2000): *Murguía, 1833-1923*. Taller de Ediciones: Madrid.
- Fernández Prieto, L. (2008): *Espacio de poder, ciencia y agricultura en Cuba: el Círculo de Hacendados, 1878-1917*. CSIC, Diputación de Sevilla-Universidad de Sevilla: Sevilla.
- González Martín, X. (1996): *Periodistas, impulsores del viguismo. 1874-1923, el noventa y ocho y otros hitos locales*. Instituto de Estudios Vigueses: Vigo.
- Martínez González, X. (2008): “La Oliva, a soleira do Rexurdimento”, *A Trabe de Ouro* 75. Sotelo Blanco Edicións: Santiago de Compostela.
- (2010): “La Oliva, matraz do Rexurdimento”, *A Trabe de Ouro* 84. Sotelo Blanco Edicións: Santiago de Compostela.
- (2010): “Crónica do levantamento de 1840 en Vigo”, *Glauco-pis. Boletín do Instituto de Estudos Vigueses*: Vigo.
- Murguía, M. (1862): *Diccionario de escritores gallegos*. Imprenta de J. Compañel: Vigo.
- Naya, Juan (1953): *Inéditos de Rosalía*. Padroado Rosalía de Castro: Santiago de Compostela.
- Neira de Mosquera, A. (1850): *Monografías de Santiago*. Imprenta de la Viuda de Compañel e Hijos: Santiago de Compostela.
- Odriozola Pietas, A. (1980): “La imprenta en Vigo”, en *Vigo en su historia*. Caixa de Aforros: Vigo.
- Soto Freire, M. (1998): *La imprenta en Galicia*. Xunta de Galicia: Santiago de Compostela.
- Vaamonde Lores, C. (1933): “Notas bibliográficas referentes a D. Manuel Murguía”, *Boletín da Real Academia Galega* 248. Real Academia Galega: A Coruña.
- Vicens Vives, J.; Llorens, M. (1961): *Industrials i polític del segle XIX*. Editorial Vicens-Vives: Barcelona.

45. *La Oliva* 1925 (30-IV-1873).

46. *El Regional. Diario de Lugo* 9823 (3-II-1897).

47. Sección Ultramar. Archivo Histórico Nacional.

48. *Eco de Galicia* 1580 (21-VIII-1891).

49. *La Ilustración Cantábrica* 3 (28-I-1882).

50. *Galicia* 122 (14-XII-1922).